



BANDO

DONA MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE TRABADA,

FAI SABER:

O Instituto de Maiores e Servizos Sociais, abre de novo o prazo de presentación de solicitudes para participar no Programa de **TURISMO SOCIAL da tempada 2023-2024**.

Poderán participar no nomeado programa as persoas que reúnan os seguintes **requisitos**:

1. Persoas residentes en España:
 - Pensionistas de xubilación do Sistema Público español de Pensións.
 - Pensionista de viuvez e ter 55 anos cumpridos.
 - Pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 anos cumpridos.
 - Titular ou beneficiarios do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos cumpridos.
 - Valerse por si mesmos e non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia nos hoteis.
2. Españóis residentes no estranxeiro que reúnan os requisitos do apartado 1. Os españois residentes en: Alemaña, Andorra, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Holanda, Italia, Luxemburgo, Noruega, Portugal, Reino Unido, Suecia e Suíza, poderán tramitalo nas Consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social.
3. Españóis de orixe emigrantes que retornasen a España, que sexan pensionistas dos sistemas públicos da seguridade social do país ou países aos que emigrasen.

As quedas poderán ter unha duración entre **4 días** (3 pernoitas) e **10 días** (9 pernoitas).

O **prazo de presentación** de solicitudes vai dende o 06 de novembro de 2023 ata final de tempada 2023-2024.

Para maior información, así como para axuda na tramitación de solicitudes, no Concello.

En Trabada, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa na data que figura na marxe.

